

A asociación de Cooperación para o Desenvolvemento *Arquitectos Sen Fronteiras* (ASF- Galicia) e o conxunto da familia Gabarri Borja, residente nas Rañas, apoiados pola *Red Europea de Lucha contra la Pobreza en España* (EAPN-ES) e a poboación residente nos asentamentos chabolistas de Penamoa e O Pasaxe e nos barracóns municipais e chabolas do Portiño únense para MANIFESTAR que as medidas de erradicación do chabolismo levadas a cabo polo Concello da Coruña son insuficientes, descoordinadas e ineficaces e, lonxe de acadar a pretendida inclusión social da poboación chabolista, están vulnerando os seus dereitos fundamentais.

DENUNCIAMOS, no caso concreto do asentamento chabolista das Rañas, no que vive o conxunto da familia Gabarri Borja (composto por 84 persoas, 40 delas menores de idade), QUE:

- O acordo municipal do ano 2007 de levar a cabo o proxecto de rehabilitación das Rañas, *como exemplo do compromiso coa vivenda e o emprego (co obxectivo de rehabilitar as 19 infravivendas, urbanizar a zona e recuperar espazos para favorecer a convivencia, cunha previsión do prazo de execución de ano e medio e investimento próximo aos 300.000€)*, estase desenvolvendo sen planificación nin previsión real de recursos, sen compromisos asinados, sen transparencia, participación nin consenso coa poboación afectada, sen coordinación con outras entidades nin diferentes concellarías e sen ofrecer formación nin capacitación ás familias implicadas.
- No ano 2010, 13 familias seguen vivindo en condicións infrahumanas, á espera de recibir algún apoio municipal, e tan só 6 casas se melloraron a través das intervencións do Concello, despois dun período de execución de 3 anos e dun investimento superior aos 600.000€.
- Esta intervención municipal, carente ademais de visión de cidade por obviar datos urbanísticos que condicionan o futuro do asentamento, xerou entre os seus habitantes un sentimento de incerteza, desamparo, indefensión e desesperanza.

Esta situación non é exclusiva do asentamento das Rañas; dentro do Concello da Coruña existen outros 3 núcleos localizados en Penamoa, O Pasaxe e O Portiño, resultando entre os 4 un conxunto de poboación chabolista que supera en número ao das outras 6 grandes cidades galegas xuntas.

Por todo isto, e pese a que a lexislación sobre Servizos Sociais de Galicia (Lei 13/2008) expoña claramente que os poderes públicos teñen a obriga de actuar positivamente a favor das e dos que quedan ou están en risco de quedar á marxe da sociedade, conséntase que as políticas municipais e autonómicas levadas a cabo non están aportando as ferramentas nin os recursos necesarios para tal fin.

RECLAMAMOS, por todo o exposto:

1. Que o Concello da Coruña afronte todas as medidas e accións indispensables para formular con carácter de urxencia planes de acción enfocados á elaboración a longo prazo dun **Plan Integral de Inclusión Social** dende unha visión global e real do chabolismo. Que se aborde con decidida vontade política dende unha visión multidisciplinar (vivenda, educación, formación, emprego, sanidade, participación social e espazos de convivencia intercultural) e coordinada con todos os actores da sociedade civil, cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas públicas sectoriais relacionadas coa mellora do benestar da cidadanía galega.
2. Que a sociedade civil non sexa cómplice de situacións racistas xeradas por un proceso histórico de caricaturización, culpabilización e criminalización das vítimas e se manifeste pola defensa da dignidade e polo cumprimento do dereito á cidade que inclúe, ademais de todos os dereitos humanos, o dereito ao traballo en condicións equitativas e satisfactorias, aos servizos sociais, a unha vivenda adecuada, á educación pública de calidade e á cultura, á información, a participación política, a convivencia pacífica e o respecto de todos os cidadáns e migrantes, incluída a minoría étnica maioritaria tanto en Galicia como na Unión Europea, o Pobo Xitano.